

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de marzo de 2025**

Ás 18.13 horas do día 19 de marzo de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, que escusa a súa ausencia.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 19 de febreiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta sobre a publicación “Historia da música pop e rock en Ourense”, de Laura Lunardelli, e da que precisamente figura a factura a REC no expediente que vai ao pleno, se este libro é propiedade da Deputación e onde se pode conseguir.

O **presidente** contesta que non ten a información e que a trasladará.

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, formula o rogo de que se inste aos diferentes servizos administrativos da DPO a facer os seus informes internos na lingua galega, aínda que maiormente xa o fan.

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta, en relación coas novas que saíron na prensa nestes días, se o concello de Ourense solicitou a esta Deputación e á Xunta de Galicia axuda para cofinanciar os gastos do Entroido organizado polo Concello.

O **presidente** contesta que non ten ningunha petición neste sentido nesta data.

E, ás 18.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.